**Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 24 de maio de 2024**

**[JCCP/MCVR]**

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **24 de maio de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Noelia Pérez López
(Secretaria)
**Vogais:**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**
Enrique Barreiro Sánchez
María Deza Martínez
José Luis Ferro Iglesias
(en substitución de Miguel Fidalgo Iglesias)
Patricia García González
María Dolores Hermelo Piñeiro
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Rubén Lorenzo Gómez)
Cristina Sanz Arias

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Óscar Insua Lema
Rosana Pérez Fernández
Brais Ruanova Vilas-Boas

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
Julio Ernesto Abalde Alonso
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)
Patricia Iglesias Rey

**Grupo Parlamentario Mixto (M):**
Armando Ojea Bouzo

**Comparecentes:**
Secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade
Director xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico
Interventora xeral da Comunidade Autónoma

**Letrado:**
Juan Carlos Caride Puente

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

*A señora secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.*

**Punto 1. Preguntas:**

**1.1 1308 (12/POC-000202)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis**
**Sobre os datos dos últimos cinco anos referidos aos custos indebidos asumidos polo Sergas pola determinación incorrecta das continxencias, profesionais ou comúns, na cualificación das patoloxías, así como os relativos ás patoloxías, mutuas, intervencións cirúrxicas e tempos de baixa**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f3, do 18.04.2024***

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fernández Alfonzo (BNG)**, quen pasa a expoñer os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se formulan na iniciativa e que están publicados no BOPG arriba subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera.**

En rolda de réplica o **señor Fernández Alfonzo (BNG),** manifesta o seu agradecemento pola información facilitada sobre a que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

*A Presidencia agradece a presenza da señora Lobato Mosquera nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas, dado que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.*

**1.2 2988 (12/POC-000467)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis**
**Sobre o financiamento local executado pola Xunta de Galicia nos exercicios orzamentarios de 2023 e da parte que transcorreu de 2024, así como sobre a vía de recepción, ben mediante o Fondo de**

PARLAMENTO DE GALICIA

**Cooperación Local, ben mediante subvencións**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f2, do 08.05.2024***

Intervén o **señor Abalde Alonso (S),** para expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor director xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico (Consellería de Facenda e Administración Pública) Arturo López Iglesias.**

En rolda de réplica, o **señor Abalde Alonso (S),** agradece a información recibida, que comenta, e sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa o **señor director xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, Arturo López Iglesias,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

*A señora presidenta agradece a presenza e colaboración do señor López Iglesias cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.*

**1.3 3147 (12/POC-000485)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Iglesias Rey, Patricia e 3 máis**
**Sobre a postura da Xunta ante o acordo do Goberno central polo que se fixaron os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas no período 2024-2026 e as posibles consecuencias na senda de estabilidade dos orzamentos autonómicos**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25f2, do 16.05.2024***

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey (S)**, quen amplía os motivos que se expoñen na presentación escrita da iniciativa e que xustifican a formulación das preguntas concretas que nela se inclúen.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia a **señora interventora xeral da Comunidade Autónoma (Consellería de Facenda e Administración Pública) Almudena Chacón Pichel.**

En rolda de réplica a **señora Iglesias Rey (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola señora interventora.

A **señora interventora xeral da Comunidade Autónoma, Almudena Chacón Pichel**, pecha o debate desta iniciativa ampliando a información solicitada pola señora deputada

PARLAMENTO DE GALICIA

na súa intervención inmediatamente anterior.

*A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora Chacón Pichel cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

**2.1 2379 (12/PNC-000306)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa Olalla e Queixas Zas, Mercedes**
**Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co fin de avaliar o modelo desenvolvido durante estes anos respecto dos usos e posta en valor do mosteiro de San Clodio de Leiro**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 20f2, do 02.05.2024***

A **señora Presas Bergantiños (BNG),** -*logo de abandonar o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento*- explica os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento, fan uso da palabra en primeiro lugar: o **señor Ojea Bouzo (M**) e a **señora Iglesias Rey (S)**; ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións co pronunciamento favorable dos seus respectivos grupos parlamentarios.

Nesta mesma rolda intervén polo **G.P. Popular de Galicia** o **señor Ferro Iglesias,** quen, tras expoñer diversas consideracións sobre a intervención da señora propoñente, defende a postura da Xunta de Galicia neste tema obxecto de debate.

A **señora Presas Bergantiños (BNG),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polos dous grupos da oposición, ao tempo que amosa a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario.

*Rematado o debate da iniciativa a señora Presas Bergantiños incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.*

**2.2 3246 (12/PNC-000406)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis**
**Sobre a demanda ao Goberno galego de accións para lles requirir ás empresas do sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña o cumprimento dos convenios salariais que manteñen co seu persoal**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024***

PARLAMENTO DE GALICIA

O **señor Fernández Alfonzo (BNG),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa tampouco se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Albalde Alonso (S)**, -*o Ojea Bouzo (M), renuncia a facer uso da mesma*- quen, tras adiantar o apoio do seu grupo a esta proposta, explica as razóns deste posicionamento.

Nesta mesma rolda a **señora Pérez López (P),** expón as súas argumentacións a respecto da intervención do señor propoñente e informa que o que se pide na iniciativa foi solucionado onte, polo que considera que non ten sentido a súa aprobación.

Na rolda de puntualizacións o **señor Fernández Alfonzo (BNG),** agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia, tras criticar a postura do grupo maioritario.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

**2.1 2379 (12/PNC-000306),** do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

**Votos a favor:..... 8** (GG.PP. BNG+ S+M)
**Votos en contra: ..... 9** (G.P. P)
**Abstencións: ..... 0**

**2.2 3246 (12/PNC-000406),** do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

**Votos a favor:..... 8** (GG.PP. BNG+ S+M)
**Votos en contra: ..... 9** (G.P. P)
**Abstencións: ..... 0**

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:50 horas.

Noelia Pérez López

**Noelia Pérez López**
**Secretaria da Comisión**

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.11 11:08:42 +02'00'

Noa Presas Bergantiños

**Vº e pr.**
**Noa Olalla Presas Bergantiños**
**Presidenta da Comisión**

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.06.11 12:54:30 +02'00'

.../...